



XUNTA
DE GALICIA

*GUÍA METODOLÓXICA PARA O
DESENVOLVEMENTO DE
EXERCICIOS E SIMULACROS*

Novembro 2023

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN	3
2.	OBXECTIVOS E ALCANCE	4
3.	EXERCICIOS E SIMULACROS	4
3.1.	EXERCICIOS	4
3.2.	SIMULACROS	8
4.	PROGRAMACIÓN DE EXERCICIOS E SIMULACROS	11
5.	DESENVOLVEMENTO DE EXERCICIOS E SIMULACROS	12
6.	PLANIFICACIÓN DE EXERCICIOS E SIMULACROS	13
6.1.	ESTRUTURA ORGANIZATIVA DA PLANIFICACIÓN	13
6.2.	PLANIFICACIÓN	16
6.3.	GUIÓN DESCRITIVO	21
6.4.	FICHA DE AVALIACIÓN	23
7.	EXECUCIÓN DE EXERCICIOS E SIMULACROS	24
7.1.	EXECUCIÓN	24
7.2.	CONTROL DA EXECUCIÓN	26
8.	AVALIACIÓN DE EXERCICIOS E SIMULACROS	27
	BIBLIOGRAFÍA	30
	ANEXO 1. MODELO PLAN DE TRABALLO PLANIFICACIÓN EXERCICIOS OU SIMULACROS	31
	ANEXO 2. EXEMPLO DE CRONOGRAMA DE ACTUACIONES	33
	ANEXO 3. MODELO FICHA XERAL DE EXERCICIOS OU SIMULACROS	35
	ANEXO 4. MODELO DE LISTADO ASIGNACIÓN DE ROLES	37
	ANEXO 5. MODELO DE FICHA DE LISTADO DE EVENTOS PARA DESENVOLVEMENTO DE EXERCICIOS OU SIMULACROS	39
	ANEXO 6. MODELO FICHA DE AVALIACIÓN DE EXERCICIOS OU SIMULACROS	41
	ANEXO 7. MODELOS LISTADOS DE COMPROBACIÓN PARA AVALIACIÓN DE EXERCICIOS OU SIMULACROS	43
	ANEXO 8. MODELO PLAN BÁSICO DE SEGURIDADE	49
	ANEXO 9. MODELO INFORME FINAL DO EXERCICIO OU SIMULACRO	51

1. INTRODUCCIÓN

Os Plans de Protección Civil son os instrumentos de previsión do marco orgánico-funcional e dos mecanismos que permiten a mobilización dos recursos humanos e materiais necesarios para a protección das persoas e dos bens en caso de emerxencia, así como do esquema de coordinación das distintas Administracións Públicas chamadas a intervir. Elabóranse e implántanse para responder eficazmente en caso de emerxencias colectivas, facilitando o desenvolvemento de accións organizadas e coordinadas.

No ámbito de protección civil os instrumentos que se empregan para avaliar e poñer a proba estes Plans son os exercicios e os simulacros. A maiores, estes exercicios e simulacros son instrumentos de capacitación, de avaliación de ferramentas e procesos, de práctica na toma de decisións, de traballo en equipo e de coordinación intra e intersectorial.

A realización de exercicios e simulacros periódicos é, xunto coa información á poboación e a formación/capacitación dos actuantes, unha das actividades máis importantes para a implantación e mantemento dos Plans, xa que con eles verifícase o seu adecuado funcionamento, poñendo a proba a calidade da planificación efectuada, e facilítase o mellor coñecemento e o adestramento do persoal implicado na súa posta en práctica.

Os exercicios e simulacros contribúen así a consolidar a organización, á formación dos actuantes e a difundir o coñecemento dos plans de emerxencia entre a poboación afectada, pero non substitúen aos programas de formación aos actuantes, nin aos de información específica aos cidadáns. Estes programas de formación e información deben preceder a exercicios e simulacros, de tal modo que estes últimos só serán verdadeiramente útiles cando se dispoña dun plan de emerxencia previamente establecido, se conte cunha organización ben definida, se dispoña de persoal formado e a poboación está adecuadamente informada.

A programación, planificación e posta en práctica de exercicios e simulacros deben realizarse cunha metodoloxía axeitada, e así se acadarán os obxectivos de mellora pretendidos ao menor custo posible.

2. OBXECTIVOS E ALCANCE

A presente guía pretende proporcionar a información necesaria para a planificación e realización de exercicios e simulacros dos plans de protección civil na Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de facilitar a súa realización.

A guía proporciona pautas metodolóxicas a ter en conta, con carácter orientativo, na programación, planificación, execución e avaliación de exercicios e simulacros, no ámbito das actuacións dos equipos de emerxencia chamados a intervir.

O alcance da guía engloba tanto o proceso de elaboración dos programas de exercicios e simulacros, como o deseño técnico, control da execución e avaliación dos exercicios e simulacros programados.

O carácter xeral para os diferentes supostos que poidan presentarse, fai que a guía deba interpretarse dun modo flexible e proporcionado, adecuando a aplicación das súas previsións ás características e obxectivos de cada unha das actividades a desenvolver.

3. EXERCICIOS E SIMULACROS

3.1. EXERCICIOS

Ao obxecto desta guía, enténdese por exercicio ou simulacro de despacho a execución práctica dunha determinada tarefa tanto a nivel de responsables operativos como estratéxicos, pero sen levar a cabo a acción real, senón que é simulada en despachos, sobre papel, e en condicións ficticias sen mobilizar persoas nin recursos que puideran formar parte dos equipos de emerxencia.

Preténdense ensaiar a toma de decisións dos responsables da emerxencia, co fin de manter o coñecemento práctico dos Plans.

Polo xeral se utilizan como ferramenta de formación para que os membros do plan asimilen o contido do mesmo, e para por a proba a viabilidade do mesmo e detectar os seus puntos débiles para melloralo.

A súa execución implica reconstruír o escenario dunha emerxencia, detallando a situación e planeando un escenario accidental, data e hora, lugar, condicións meteorolóxicas, persoal afectado, etc.. para poñer aos intervinientes en situación.

Se elabora un gui3n que incl3e as diferentes situaci3ns que vaian acontecendo, e 3s que se deber3 dar resposta. As3, o equipo de emerxencia vai dando instrucci3ns e explicando as acci3ns que realizar3a desacordo 3s s3as funci3ns.

A diferenza dos simulacros os exercizos permiten por en pr3ctica escenarios e situaci3ns que ser3a complicado levar a cabo nun simulacro de mobilizaci3n.

Durante o desenvolvemento, se describe con detalle o escenario e os participantes abordan a situaci3n coa axuda dun gui3n e das preguntas do moderador. As3 se practican as comunicaci3ns entre os diferentes equipos e se definen procedementos de actuaci3n preestablecidos para cada un deles.

Os exercicios son usualmente empregados para fortalecer os procesos de toma de decisi3ns en situaci3ns de crise por parte dos responsables do manexo de emerxencias en todos os niveles, presentando unha importancia adicional fronte aos simulacros, pola facilidade tanto na s3a planificaci3n como execuci3n.

O exercicio ten lugar nun ambiente controlado, normalmente nun sal3n ou sala, coa participaci3n dos responsables da toma de decisi3ns e os actuanes m3is representativos no contexto da emerxencia, e bas3ase en situaci3ns hipot3ticas derivadas da an3lise de riscos, estratexia de resposta e protocolos espec3ficos.

A realizaci3n de exercicios ten como principais obxectivos:

- ✓ Avaliaci3n da capacidade para a toma de decisi3ns do persoal dos organismos responsables, de acordo ao establecido nos seus plans e procedementos.
- ✓ Proba dos mecanismos interinstitucionais ou intersectoriais de coordinaci3n para a atenci3n de situaci3ns de emerxencia.
- ✓ Comprobaci3n da adecuaci3n dos procedementos establecidos 3s necesidades e condici3ns dunha emerxencia.
- ✓ Familiarizaci3n do persoal actuante cos equipos e t3cnicas que deber3n empregarse en caso de emerxencia.
- ✓ Comprobaci3n do funcionamento e idoneidade dos equipos e sistemas que deben de empregarse.

- ✓ Capacitación das persoas que teñen funcións na toma de decisións e na execución de accións de resposta a emerxencias no manexo de situacións de crise e xestión da información.
- ✓ Verificación e mellora do grado de adestramento do persoal actuante.
- ✓ No seu caso, validación do plan institucional de protección civil e os procedementos de actuación.

En resumo, constitúen unha estratexia pedagóxica moi eficiente para o desenvolvemento de habilidades e destrezas específicas e que, complementados cun proceso de capacitación, logran establecer unha mellor comprensión e adquisición do coñecemento necesario para a coordinación e manexo de emerxencias.

3.1.1. CLASIFICACIÓN DOS EXERCICIOS

Pódese establecer unha clasificación dos exercicios en función de dous aspectos básicos, modo de divulgación da información e segundo o alcance dos mesmos.

Clasificación en función do modo de divulgación da información:

- ▶ Exercicios avisados: executados previa citación do persoal participante. Son máis usuais en fases temperás de adestramento.
- ▶ Exercicios non avisados: executados de forma inesperada. Son de gran utilidade con grupos previamente adestrados, como forma de poñer a proba plans e estratexias.

Clasificación en función do alcance:

- ▶ Exercicios parciais: aqueles nos que se pon a proba unicamente partes específicas dun plan ou protocolo específico.
- ▶ Exercicios totais: aqueles nos que se pon a proba o contido completo do plan.

3.1.2. VANTAXES E DESVANTAXES DOS EXERCICIOS

Vantaxes

- ✓ Evita poñer en funcionamento sistemas, equipos ou grupos moi complexos ou que poden resultar custosos se se poñen en práctica.
- ✓ Baixo custo.

- ✓ Permite probar mecanismos estratéxicos dun plan de emerxencia (estratexia de resposta).
- ✓ Facilita a posibilidade de flexibilizar ou acelerar o tempo para a toma de decisións, que nunha situación real puideran tardar moito tempo debido as accións operativas.
- ✓ Permite detectar obstáculos e acertos na toma de decisións.

Desvantaxes

- ✓ Require unha gran habilidade da Organización, para xerar estrés e presión, similares ás experimentadas nunha situación real.
- ✓ A Organización debe coñecer ben a dinámica propia das emerxencias, de xeito que poidan improvisar situacións ou facer modificacións do guión cando o exercicio o requira.
- ✓ Todos os que interveñen no desenvolvemento do exercicio, deben coñecer o contido do plan de emerxencia, para non caer en suposicións ou interpretacións erróneas.
- ✓ Requírese dun espazo no que non se produzan interrupcións e os participantes poidan concentrarse no exercicio.
- ✓ As decisións críticas non se deben deixar ao azar, deben estar contempladas no guión e estar en contexto cos plans a avaliar, estas decisións son o resultado esperado do exercicio.

3.1.3. DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS

Un exercicio desenvolverase a partir dun guión preparado pola Organización.

O devandito guión debe definir claramente os eventos que cronoloxicamente sucederían nunha situación real. A secuencia darase a coñecer aos actúantes a través de mensaxes que entregará a Organización do exercicio e que proporcionarán a información necesaria sobre a evolución da emerxencia, o que terá que derivar en accións concretas que resultan do proceso de análise e toma de decisións.

De xeito simultáneo á entrega das mensaxes, os avaliadores deben avaliar tanto aos participantes como o proceso de toma de decisións; tamén se poden incluír

observadores, que non avalíen e que unicamente rexistren o desenvolvemento do simulacro, podendo dar ao final, opinións tanto para os actuantes como para a Organización.

Durante o desenvolvemento do exercicio, entréganse periodicamente mensaxes que deberán ser atendidos de inmediato polos actuantes. Pode suceder que as mensaxes comecen a acumularse e non sexan resoltos oportunamente, polo que a Organización deberá axustar os tempos de entrega. Poderase, neste caso, orientar aos actuantes nas accións que deberían desenvolver, o que será tido en conta por parte dos avaliadores.

Durante o exercicio a Organización debe asumir unha actitude tal, que poda xerar un ambiente de presión e estrés similar ao que se experimentaría nunha situación real.

É moi importante que as persoas da Organización, non formen parte dos actuantes, xa que isto condiciona previamente a súa actuación dado que terían coñecemento de todo o detalle do exercicio, xerando vicios tanto na execución como nos procesos de toma de decisións.

3.2. SIMULACROS

Enténdese como simulacro o conxunto de accións, previamente programadas, dirixidas a facer fronte a unha hipotética situación de emerxencia, xerada por un suposto accidente, coa finalidade de comprobar a eficacia dos plans de emerxencia.

Nos simulacros o obxecto da proba é a organización mesma. O seu obxectivo fundamental é comprobar a idoneidade das previsións organizativas, incluída a dotación e características dos equipamentos, ante una determinada hipótese accidental

Polo tanto, nun simulacro a organización prevista no Plan de Emerxencia, na súa totalidade (simulacro xeral) ou solo en parte (simulacro parcial), sométese a unha hipotética situación de emerxencia, baseada sempre na análise do risco, á que debe responder e tratar de dar solución mediante a aplicación das medidas e procedementos establecidos. Se precisa dunha gran mobilización de recursos (persoal, equipos, entidades públicas ou privadas, etc.), polo que o seu desenvolvemento é máis complexo e custoso cun exercicio.

Os simulacros teñen aplicación cando é necesario probar elementos como protocolos específicos, procedementos e habilidades concretas do persoal operativo e administrativo, sendo de gran utilidade para labores de busca e rescate, labores de intervención, aloxamentos temporais, atención sanitaria de feridos e todas aquelas áreas operativas requiridas para a atención de emerxencias.

A realización de simulacros terá como obxectivos a verificación e comprobación de:

- ✓ A eficacia das organizacións de resposta previstas nos Plans de Emerxencia.
- ✓ A capacitación dos actantes adscritos aos Plans de Emerxencia.
- ✓ A suficiencia e idoneidade dos medios e recursos asignados.
- ✓ A adecuación dos procedementos de actuación operativa.
- ✓ A coordinación entre as distintas organizacións involucradas e entre os distintos niveis de planificación.
- ✓ O grado de resposta cidadá.

Ao igual que os exercicios, os simulacros teñen un alto valor pedagóxico, xa que permiten fortalecer e poñer a proba a aplicación específica de coñecementos, habilidades e destrezas, xa non estratéxicas, senón maiormente operativas. Sen embargo, se ben o simulacro centra os seus esforzos na práctica, tamén se ve reflexado nel un proceso de toma de decisións.

3.2.1. CLASIFICACIÓN DOS SIMULACROS

Igual que no caso dos exercicios, pódese establecer unha clasificación dos simulacros en función de distintos criterios asociados aos mesmos.

Clasificación en función da divulgación da información:

- ▶ Simulacros avisados: executados previa citación do persoal participante. Son máis usuais en fases temperás de adestramento.
- ▶ Simulacros non avisados: executados de forma inesperada. Son de gran utilidade con grupos previamente adestrados, como forma de poñer a proba plans e estratexias.

Clasificación segundo o alcance do simulacro:

- ▶ Simulacro parcial: deseñados para poñer a proba partes específicas da organización do plan de emerxencia ou unha actividade de emerxencia concreta.
- ▶ Simulacro xeral: ten por obxecto a posta en práctica do conxunto de actuacións que deben realizarse para a xestión dunha hipotética emerxencia, empregando todos os medios humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento de tales actuacións.

Clasificación segundo a complexidade do simulacro:

- ▶ Simulacro simple: pretende medir ou probar procedementos sinxelos onde unicamente se recrea un escenario cunha sola opción de resposta. Ten lugar un despregue moi limitado de recursos.
- ▶ Simulacro complexo: igual que no caso anterior, expón un solo escenario, pero créanse tantas dificultades e variables como sexa posible, de xeito que os actuantes deban analizar todas as opcións e probar algunha delas.
- ▶ Simulacro multiescenario: presenta múltiples escenarios con diversas posibilidades de resposta. Require unha ampla mobilización de recursos e loxística.

3.2.2. DESENVOLVEMENTO DOS SIMULACROS

Un simulacro, polo feito de ser de carácter práctico, lévase a cabo en tempo real, polo que o guión de mesmo debe desenvolverse coidando ben os tempos esperados para a execución das tarefas. Neste sentido, é conveniente que, antes da realización dun simulacro se teñan levado a cabo diferentes exercicios, coa finalidade de lograr un mellor desempeño na toma de decisións, delegación de funcións e seguimento das tarefas.

O desenvolvemento dun simulacro defínese a partir da activación dos escenarios expostos, como se estes eventos estivesen sucedendo en tempo real. Os actuantes deberán notificarse, mobilizarse e actuar, da mesma maneira que o farían nunha emerxencia, seguindo os protocolos e procedementos establecidos para tal fin. Todos os participantes asumen o rol asignado e os recursos deben ser aqueles cos que se contaría nunha situación real, executando todas as accións necesarias para dar solución aos escenarios expostos (busca, rescate, aloxamentos temporais, incendios,

etc.), e paralelamente na sala de crise/centro de coordinación/posto de mando deberán de levarse a cabo os procesos pertinentes de toma de decisións.

3.1.3. VANTAXES E DESVANTAXES DOS SIMULACROS

VANTAXES

- ✓ Permite fortalecer e poñer a proba habilidades e coñecementos técnicos específicos do persoal responsable da resposta.
- ✓ Debido a que se desenvolve en tempo real, a situación facilita recrear as condicións de presión e estrés que existirían nunha emerxencia real.
- ✓ Pódense simular situacións que nunca se teñan experimentado, pero que é probable que sucedan, o que aumenta a capacidade de resposta.
- ✓ Permite mellorar os mecanismos de coordinación interinstitucional.
- ✓ Promove o traballo en equipo entre os diferentes organismos de resposta, establecendo e fortalecendo unha efectiva comunicación entre os mesmos.

DESVANTAXES

- ✓ Durante o seu desenvolvemento poden presentarse situacións reais, sendo necesario contar cun plan de seguridade e con persoal de seguridade operacional no terreo.
- ✓ Requiren unha maior mobilización de recursos, o que fai necesario contar cun grupo de soporte loxístico e técnico con experiencia.
- ✓ Precisa dun presuposto que permita cubrir as necesidades loxísticas e operacionais.

4. PROGRAMACIÓN DE EJERCICIOS E SIMULACROS

A programación ten por obxecto a definición dos exercicios e simulacros que, nun período de tempo determinado, conveñen ás necesidades de planificación e de implantación, mantemento e actualización dos distintos plans de protección civil, coa finalidade de que poidan responder o máis eficazmente posible aos requirimentos dunha emerxencia.

A maiores dos prazos legais establecidos na lexislación que regula os distintos tipos de plans de emerxencia, a programación deberá basearse, en todo caso, nunha adecuada análise de necesidades de planificación, tendo en conta, a lo menos, os seguintes aspectos:

- ✓ Os requirimentos de adestramento do persoal adscrito as organizacións dos plans.
- ✓ As novidades na organización, nos procedementos de traballo, no equipamento, nas instalacións e nas infraestruturas ao servizo dos plans de emerxencia.
- ✓ O mantemento da efectiva coordinación entre os centros de coordinación operativa dos distintos niveis de planificación, entre os distintos grupos operativos e dentro dos propios equipos de traballo.
- ✓ A necesidade de fomentar a participación cidadá nos plans de emerxencia.
- ✓ A corrección de deficiencias observadas en exercicios e simulacros anteriores.

5. DESENVOLVEMENTO DE EXERCICIOS E SIMULACROS

O proceso para levar a cabo un exercicio ou un simulacro, debe ser o suficientemente flexible para satisfacer as necesidades tanto dos participantes no mesmo como das administracións interesadas, autonómica e local. Como consecuencia, cada acción debe ser deseñada, adaptade e aplicada de xeito que cumpra os obxectivos e atenda ás necesidades específicas de cada unha das entidades participantes.

En xeral, as diferentes etapas que compoñen o desenvolvemento de exercicios e simulacros son as seguintes:



Figura 1. Fases para o desenvolvemento de exercicios e simulacros

6. PLANIFICACIÓN DE EJERCICIOS E SIMULACROS

A planificación dun exercicio ou simulacro é o proceso mediante o que se prevén as actividades necesarias para a efectiva posta en práctica do proxectado na súa correspondente ficha descritiva (*ver anexos*).

Durante todo o proceso de planificación débese manter un contacto estreito entre as diferentes áreas de traballo para homologar contidos, validar ferramentas, dar seguimento ao cumprimento do cronograma de actividades, corrixir desviacións e outros aspectos de coordinación para o adecuado desenvolvemento do exercicio.

6.1. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DA PLANIFICACIÓN

Para desenvolver o proceso de planificación requírese dunha organización específica. Nos exercicios e simulacros é preciso distinguir, polo seu papel nos mesmos, as categorías de participantes seguintes:

▶ ORGANIZACIÓN DA PLANIFICACIÓN

Persoal encargado de desempeñar as funcións de deseño técnico, control, loxística, avaliación, seguridade e comunicación. Non debe realizar de xeito simultáneo ese papel coa realización de outras tarefas no exercicio ou simulacro.

Para cumprir cos obxectivos, as persoas integrantes da organización non deben difundir información algunha sobre o planificado entre os outros participantes, salvo aquela preparada especificamente coa citada finalidade.

Á fronte da organización de planificación estará o Responsable Técnico como responsable de coordinar todo o proceso de planificación.

▶ ACTUANTES

Persoas implicadas na realización das actividades que son obxecto do exercicio ou simulacro. En xeral, estas persoas non deben participar na preparación, co fin de non falsear os resultados. Os actuantes, no caso de exercicios e simulacros con aviso previo, serán informados acerca do tema xeral do exercicio ou simulacro, a data e o lugar onde se desenvolverá, pero non deberían ser informados do desenvolvemento do escenario nin dos diferentes incidentes previstos.

▶ FIGURANTES

A reprodución o máis fiel posible do escenario de emerxencia fai conveniente, en ocasións, contar coa presenza de figurantes que actúen segundo papeis previamente establecidos.

Os figurantes son, polo tanto, aquelas persoas encargadas de simular un comportamento programado no escenario (víctimas, persoas afectadas polo pánico, profesionais dos medios de comunicación, etc.). Cada figurante terá un papel programado e definido e a súa actuación debe incluírse no guión do exercicio ou simulacro.

Debe haber persoal da Organización encargadas de informar aos figurantes do papel que van a desempeñar e do momento no que se producirá a súa participación, manter o contacto con eles durante o exercicio e facilitarlles o apoio que necesiten.

▶ OBSERVADORES

Polo xeral son autoridades, expertos ou outras persoas interesadas que son invitadas a presenciar o desenvolvemento do exercicio ou simulacro sen realizar ningún papel activo.

A fin de que a súa presenza non perturbe o desenvolvemento do exercicio ou simulacro, convén que desde o deseño do mesmo se prevea o lugar no que se reunirá aos observadores e se realice un programa con recorrido que deben de seguir. Así mesmo, deben preverse as persoas da organización encargadas de explicar aos observadores os obxectivos do exercicio e o escenario escollido, servirlles de guía e responder ás cuestións que poidan exporse. Esta figura é o relator.

O programa relativo aos observadores formará parte integrante do deseño técnico do exercicio ou simulacro, ao obxecto de que poida harmonizarse un seguimento adecuado por parte dos observadores no desenvolvemento, sen interferencias, do exercicio ou simulacro

▶ AVALIADORES

Teñen a responsabilidade de valorar as accións e decisións dos participantes no exercicio e por esa razón deben ser escollidos de acordo ao seu coñecemento, experiencia e capacidade para emitir criterios sobre o tema e as características do exercicio. Serán seleccionados con suficiente anterioridade e deben recibir

información sobre o seu rol así como sobre o uso adecuado dos instrumentos de avaliación.

Para a súa correcta actuación é recomendable, previo ao exercicio ou simulacro, realizar un recorrido cos avaliadores, polas diferentes escenas de traballo coa finalidade de determinar os mellores sitios de observación e as dificultades que se poden presentar, así como lograr unha comprensión total e precisa da secuencia de actividades e procedementos que se van a realizar.

▶ POBOACIÓN

Como parte interesada en que os plans de emerxencia se perfeccionen e consigan a máxima capacidade operativa posible, a poboación residente nas áreas de planificación debe estar asociada aos diferentes exercicios e simulacros que se realicen, ben como parte activa dos mesmos ou, alo menos, sendo informada previamente acerca dos seus aspectos fundamentais e, unha vez finalizados, acerca das conclusións obtidas.

No caso de participación activa, os cidadáns serán considerados como actuantes a efectos de planificación.

É esencial que na planificación de exercicios e simulacros se teñan en conta as escolas e centros docentes, centros de saúde, residencias da terceira idade e outros establecementos de institucións públicas e privadas que existan no ámbito territorial afectado, de xeito que poidan incorporarse ao desenvolvemento dos mesmos mediante a aplicación dos seus propios plans de autoprotección.

▶ MEDIOS DE COMUNICACIÓN

A difusión xeral do exercicio ou simulacro implica a asistencia de persoal dos medios de comunicación social, que deberá organizarse de xeito que non supoña interferencias na realización do mesmo, pero permita aos profesionais efectuar un seguimento adecuado das actividades que se realicen.

Neste sentido, compre ter en conta tamén o papel dos medios de comunicación social como axentes do proceso de xestión das emerxencias (mediante a transmisión á poboación de mensaxes de alerta e de recomendacións e instrución a seguir), podendo ser tamén suxeitos activos nos exercicios e simulacros, debendo ser entón considerados como actuantes no proceso de planificación.

6.2. PLANIFICACIÓN

A responsabilidade da planificación de cada exercicio ou simulacro corresponde ao Responsable Técnico que haberá de desempeñar as seguintes funcións:

- ▶ Antes do exercicio ou simulacro:
 - Preparar as reunións destinadas á planificación do exercicio ou simulacro e á aprobación dos aspectos máis importantes do mesma.
 - Coordinar o proceso xeral de planificación.
- ▶ Durante a execución do exercicio ou simulacro:
 - Asumir a dirección da execución do exercicio ou simulacro, co apoio do persoal da organización que resulte necesario.
 - Ordenar o comezo e el fin do exercicio ou simulacro.
- ▶ Despois do exercicio ou simulacro:
 - Preparar as reunións de avaliación do exercicio ou simulacro.
 - Preparar o informe final.

O Responsable Técnico, debe estar liberado durante a realización do exercicio ou simulacro de calquera outra función que no sexa a da dirección do mesmo.

Pola súa parte, a Organización destinada á planificación dun exercicio ou simulacro pode ser máis o menos numerosa segundo o seu alcance e complexidade. Baixo a dirección do Responsable Técnico, haberá de desempeñar as funcións seguintes:

- Deseño Técnico
- Control
- Loxística
- Avaliación
- Seguridade
- Comunicación

No proceso de planificación é preciso elaborar determinados documentos (plan de traballo, ficha descritiva do exercicio ou simulacro, guión descritivo, etc.). A título orientativo, inclúense nos anexos distintos modelos de documentos.

6.2.1. DESEÑO TÉCNICO

É o conxunto de actividades necesarias para a elaboración do guión do exercicio ou simulacro e a estimación dos recursos necesarios para a súa posta en práctica. En particular implica o desempeño das actuacións seguintes:

- ▶ Antes do exercicio ou simulacro:
 - Desenvolver a hipótese accidental considerada, describir a cronoloxía de acontecementos, as mensaxes ou comunicacións aos participantes e a secuencia de actividades a poñer en práctica durante o exercicio ou simulacro, coa estimación de tempos de execución de cada actividade.
 - Definir as características técnicas do escenario e aquelas outras que contribúan a reproducir a hipotética situación de emerxencia coa maior fidelidade posible.
 - Determinar as necesidades loxísticas para a realización do exercicio ou simulacro en canto se refire a persoal actuante e de avaliación, equipamento, material de comunicacións, material específico, etc.
 - Realizar unha visita previa para o recoñecemento das áreas nas que se desenvolverá o exercicio ou simulacro.

Cando o alcance implique múltiples lesionados, activación de servizos de saúde, traslados a hospitais ou mobilización de poboación, a revisión debe incluír as rutas de acceso ás zonas que se evacuarán, as rutas de emerxencia a empregar, a sinalización, a detección de posibles riscos e obstáculos, así como o estado e demarcación das zonas de seguridade.
 - Preparar o guión final do exercicio ou simulacro, e as instrucións a facilitar ao persoal actuante e aos figurantes.
- ▶ Durante a execución do exercicio ou simulacro:
 - É desexable que algún membro da Organización participe nas tarefas de avaliación durante o exercicio ou simulacro.

- Facer entrega das instrucións pertinentes a todos os participantes.
- ▶ Despois do exercicio ou simulacro:
 - Sen actividades específicas.

6.2.2. CONTROL

Conxunto de actividades necesarias para a condución do exercicio ou simulacro, procurando manter a secuencia do mesmo e lograr a consecución dos obxectivos pretendidos. En particular implica o desempeño das actuacións seguintes:

- ▶ Antes do exercicio ou simulacro:
 - Sen actividades específicas.
- ▶ Durante a execución do exercicio ou simulacro:
 - Controlar a realización da secuencia de actuacións previstas no guión e os tempos de desenvolvemento do mesmo.
 - Comunicar aos actantes a ocorrencia de hipotéticos acontecementos e incidentes previstos no guión ou incluso outros que poidan ser improvisados, para comprobar a súa capacidade de resposta, acompañar o desenvolvemento de exercicios ou simulacros que discorran demasiado rápidos, reaccionar a actuacións non adecuadas poñendo de relevo as consecuencias das mesmas, etc.
 - Ordenar o inicio ou detención de determinadas operacións, ou pedir que se modifique o ritmo de realización das mesmas, ao obxecto de que o exercicio ou simulacro discorra da forma máis parecida á realidade e que permita cumprir na súa totalidade os obxectivos previstos.
 - Recordar aos participantes as instrucións facilitadas previamente e aclarar as dúbidas que ao respecto poidan presentar.
- ▶ Despois do exercicio ou simulacro:
 - Sen actividades específicas.

6.2.3. LOXÍSTICA

Conxunto de actividades dirixidas a garantir a dispoñibilidade dos medios humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento do exercicio ou simulacro. En particular implica o desempeño das actuacións seguintes:

- ▶ Antes do exercicio ou simulacro:
 - Proporcionar o material necesario, facilitando equipamento, mobiliario, vehículos etc., e adecuando o sitio físico ou as infraestruturas necesarias para a realización do exercicio ou simulacro.
 - Seleccionar e preparar a participación de persoal figurante.
 - Proporcionar os sistemas de comunicación específicos, fundamentalmente para a realización das funcións de control e avaliación (os actuantes deben empregar os mesmos medios de comunicación que nunha situación real).
 - Subministrar o avituallamento dos participantes no exercicio ou simulacro.
- ▶ Durante a execución do exercicio ou simulacro:
 - Controlar que todos os medios e recursos son proporcionados en tempo e na calidade e cantidade requirida.
- ▶ Despois do exercicio ou simulacro:
 - Sen actividades específicas.

6.2.4. AVALIACIÓN

Conxunto de actividades dirixidas a valorar as accións e decisións dos participantes no exercicio ou simulacro. En particular implica o desempeño das actuacións seguintes:

- ▶ Antes do exercicio ou simulacro:
 - Elaborar a ficha de avaliación, á vista do guión do exercicio ou simulacro e tendo en conta os seus obxectivos.
 - Realizar o recoñecemento dos lugares nos que se vai a desenvolver o exercicio ou simulacro coa finalidade de determinar os mellores sitios de observación.

- Coñecer, coa finalidade de avaliar os tempos de resposta, a localización de estacións e bases das institucións que responden tales como: bombeiros, sanitarios, policía ou outros, así como a localización dos recursos.
- ▶ Durante a execución do exercicio ou simulacro:
 - Seguir a cronoloxía do exercicio ou simulacro para estar en condicións de avaliar a reacción dos participantes.
- ▶ Despois do exercicio ou simulacro:
 - Analizar a ficha de avaliación e elaborar o informe final de avaliación.

6.2.5. *SEGURIDADE*

A seguridade das persoas e dos bens prima sobre o desenvolvemento do exercicio ou simulacro e, polo tanto, todo simulacro no que se efectúen actividades que poidan implicar risco para os participantes, deberán contar cun Plan de Seguridade.

Neste plan deben considerarse tanto os aspectos preventivos como os de intervención en caso de emerxencia real.

Como parte do Plan de Seguridade é importante considerar:

- Ter dispoñibilidade de equipos de emerxencia para atención das situacións reais que poidan presentarse.
- Establecer criterios claros na formulación das mensaxes, de xeito que poidan distinguirse perfectamente os propios da execución do exercicio ou simulacro de aqueles emitidos cando se produza unha emerxencia real.
- No caso de presentarse unha emerxencia real, poñer a disposición todo o persoal involucrado no exercicio ou simulacro.
- Ordenar o final do exercicio ou simulacro en caso de emerxencia.

Neste sentido, o equipo responsable do simulacro debe coñecer en detalle as áreas, planos de edificacións, localización de puntos relevantes, e todos aqueles detalles que se consideren pertinentes e que poidan ser útiles no caso de presentarse una emerxencia real.

O Plan de Seguridade estará a cargo da Organización do exercicio ou simulacro, baixo a dirección do Responsable Técnico, e as súas previsións serán tidas en conta na elaboración do guión descritivo do exercicio ou simulacro.

6.2.6. COMUNICACIÓN

É necesario proporcionar información aos cidadáns acerca dos exercicios ou simulacros que se realicen, incluso de aqueles nos que a poboación non está directamente involucrada, xa que pode contribuír a mellorar o coñecemento da cidadanía tanto respecto aos Plans de Emerxencia como ás medidas de autoprotección a adoptar en caso de emerxencia. Xunto ás características e obxectivos do exercicio ou simulacro, poden difundirse informacións de carácter preventivo. Por elo, aínda en exercicios o simulacros de menor entidade, convén preparar con carácter previo un Plan de comunicación en función dos diferentes colectivos interesados.

Por outro lado, é importante aclarar aos medios de comunicación que un exercicio ou simulacro realízase para avaliar os procedementos operativos e, polo tanto, os fallos detectados non deben ser obxecto de sensacionalismo, pois serán tidos en conta como parte do proceso de aprendizaxe que o exercicio ou simulacro persigue.

6.3. GUIÓN DESCRITIVO

O guión descritivo constitúe o fío condutor do exercicio. Redáctase a partir da ficha descritiva e, no mesmo, establécese o contido e a secuencia das instrucións específicas para a actuación dos equipos de resposta e descríbense as actividades e o resultado que se espera da execución destas polos participantes.

En xeral, o guión debería facilitarse só aos membros da organización que efectúan as funcións de deseño técnico, control da execución ou avaliación, e non a persoas que participen na execución do exercicio ou simulacro.

O guión incluirá:

1. Denominación do exercicio ou simulacro

2. **Obxectivos**, indicando a finalidade e a descrición dos aspectos que se desexan someter a proba.

3. Descrición do exercicio ou simulacro

Debe incluír, como mínimo, referencias á hipótese accidental prevista (tipo de evento xerador, hora do evento, magnitude, intensidade, lugar de ocorrencia, etc.), ao escenario (evolución do suceso iniciador, consecuencias sobre persoas e bens, características físicas do lugar onde vai desenvolverse, xeración de outros eventos menores ou consecuentes, etc.) e ás actuacións de emerxencia a poñer en práctica, incluíndo, no seu caso, as de coordinación entre actantes e entre centros de coordinación operativa dos diferentes niveis.

O desenvolvemento do escenario está relacionado cos efectos derivados da hipótese accidental e inclúe:

- Accións esperadas por parte dos actantes no momento da alarma e organismos responsables de executar as accións.
- Caracterización dos feridos (graves, moderados e leves), segundo o tipo de leccións e definición da súa localización no exercicio.
- Identificación do número de falecidos esperado e a súa localización.
- Danos esperados nas instalacións e características do dano.
- Condicións esperadas no entorno inmediato.
- Duración prevista dos eventos.
- Situacións adicionais que se poden agregar para complicar o evento, coñecidas tamén como complexidades.

4. Participantes

Incluirá a totalidade de persoas e organizacións que participarán e, no seu caso, a coordinación interinstitucional prevista, facendo referencia específica, ademais de aos actantes membros da organización de resposta de que se trate, aos posibles figurantes e observadores que estea previsto invitar. Indicarase así mesmo si se vai considerar a participación da poboación das áreas onde se vai desenvolver o

exercicio e se existe a posibilidade de contar coa presenza de medios de comunicación social.

5. Recursos materiais requiridos

Listado con detalle dos medios materiais necesarios: mobiliario, vehículos, equipos de telecomunicacións, ferramentas e prendas de protección individual, avituallamento, combustibles, etc.

6. Cronograma

Programación das tarefas a desenvolver para a execución do exercicio ou simulacro, seguindo unha orde cronolóxica dos eventos producidos indicando os tempos nos que se vai producir cada un deles, así como as persoas responsables dos mesmos.

A duración do exercicio ou simulacro dependerá do seu alcance, da cantidade de organismos vinculados e do tipo de operacións. Poden durar de 20 a 30 minutos, cando se trata de procesos de evacuación de instalacións ou de 30 minutos ata 3 ou 4 horas, no caso de simulacros de accidentes en estrada ou en aeroportos, accidentes en instalacións industriais, inundacións, etc.. incluso en simulacros complexos ata varios días.

6.4. FICHA DE AVALIACIÓN

A ficha de avaliación debe recoller información directa de cada unha das actuacións que teñen lugar no exercicio ou simulacro, en cada un dos sitios de observación establecidos previamente.

Incluirá a información descritiva dos feitos observados, sen facer valoracións ou interpretacións dos mesmos. Á ficha debe estar deseñada en función dos obxectivos previamente marcados para o exercicio ou simulacro e, polo tanto, ter ben definido aquilo que se vai a observar e como e en que condicións e ocasións se vai a recoller a información, para asegurar a representatividade do observado.

Deste xeito, para cada actuación, ademais da descrición da acción, a ficha debe recoller información sobre:

- *“Quen realiza a actividade”*. Que persoa/organización incluída no Plan de Emerxencia a leva a cabo.

- “Como se realiza a actividade”. Como se realiza a acción, especificando os medios empregados.
- “Cando se realiza a actividade”. Anotando o momento (hora e minuto) de inicio e finalización das distintas accións.

7. EXECUCIÓN DE EXERCICIOS E SIMULACROS

7.1. EXECUCIÓN

A execución dun exercicio ou simulacro é a posta en práctica do conxunto de actividades previstas. A responsabilidade da execución corresponde ao Responsable Técnico, co apoio das persoas encargadas de desempeñar as funcións de control.

No caso dos exercicios, pola súa menor complexidade, a preparación do escenario pódese realizar horas antes do mesmo, debendo verificarse que todo estea listo no momento do seu inicio. Pola contra, para os simulacros, pode ser necesario que parte da preparación do escenario se realice nos días previos á súa realización.




Figura 2. Secuencia típica de execución dun exercicio



Figura 3. Secuencia tipo de execución dun simulacro

Nos momentos previos ao inicio do exercicio ou simulacro, deberán de designarse persoas para apoiar accións específicas, que poden ser, entre outras:

- ▶ Cando se teña invitado a persoal externo, previsión da súa recepción e localización.
- ▶ Transporte, localización e entrega de identificadores, formularios e demais elementos a observadores e avaliadores. Este persoal, unha vez comezado o exercicio ou o simulacro, debe atoparse nos lugares asignados.
- ▶ Reunión de seguridade: o Responsable Técnico deberá avaliar as condicións de seguridade para dar conformidade ao inicio do exercicio ou simulacro e debe comunicar as recomendacións pertinentes (orde pública, condicións meteorolóxicas, etc.).
- ▶ Localización de vítimas e demais figurantes.

Corresponde ao Responsable Técnico dar as ordes de comezo e de final do exercicio ou simulacro. Non se iniciará ningunha actividade, nin sequera as que pretendan un pre-posicionamento de efectivos, sen a orde expresa de comezo do exercicio.

Pola súa parte, a activación dos escenarios durante a execución dun simulacro é responsabilidade da Organización, e realizarase de acordo co exposto no guión xa que este contén de forma detallada todo o desenvolvemento do simulacro.

As persoas que compoñen a Organización deben estar permanentemente en contacto entre si e co Responsable Técnico.

Os avaliadores actuarán de conformidade co previsto, localizándose de tal xeito que poidan observar o desenvolvemento dos traballos dos actantes, aos que non se dirixirán en ningún momento, para non interferir na dinámica do exercicio ou simulacro.

Todos os participantes no exercicio ou simulacro deben estar perfectamente identificados e ostentar esa identificación de forma visible. Ademais resulta conveniente que sexa tamén perfectamente identificable o papel que se desempeña (actuante, observador, avaliador, etc.)

7.2. CONTROL DA EXECUCIÓN

Para a correcta condución do exercicio ou simulacro, de xeito que se manteña a lóxica do mesmo e se logren conseguir os obxectivos previamente establecidos, é necesario o desempeño de, entre outras, as seguintes accións:

- ▶ Control da realización da secuencia de actuacións previstas no guión e dos tempos de desenvolvemento.
- ▶ Comunicación aos actantes da ocorrencia de hipotéticos acontecementos e incidentes previstos no guión e incluso outros que poidan ser improvisados, para comprobar a súa capacidade de resposta, minorar o desenvolvemento daqueles exercicios ou simulacros que discorran demasiado rápido, reaccionar ante actuacións non adecuadas poñendo de manifesto as consecuencias das mesmas e incorporándoas como novas incidencias a considerar polos actantes, etc.
- ▶ Ordenar o inicio ou detención de determinadas operacións, ou pedir que se modifique o ritmo de realización das mesmas, coa finalidade de que o exercicio ou simulacro discorra da maneira máis similar á realidade e que permita cumprir na súa totalidade os obxectivos previstos.

- ▶ Recordar aos participantes as instrucións facilitadas e as convencións que efectuaran previamente e aclarar as dúbidas que ao respecto poidan presentarse.

Estas actividades desenvolveranse sempre baixo a dirección do Responsable Técnico, podendo ocuparse delas o mesmo persoal que previamente se ocupou da planificación.

Neste sentido, as persoas encargadas do control da execución non deben intervir como actuantes no desenvolvemento do exercicio ou simulacro.

8. AVALIACIÓN DE EXERCICIOS E SIMULACROS

A avaliación dun exercicio ou simulacro comporta a emisión dun xuízo acerca da idoneidade da resposta da organización implicada no mesmo, a tenor dos obxectivos pretendidos, a detección dos fallos producidos e o establecemento das recomendacións acerca do que hai que corrixir e as alternativas para facelo.

Os avaliadores, ademais da preparación técnica adecuada, deben ser imparciais (non deben ser xuíz e parte) e recoñecidos como tales polo resto de participantes, de aí que sexa preferible a súa selección entre persoas sen implicacións directas na toma de decisións acerca da organización que se pon a proba.

Sen embargo, a función avaliadora non debe ser tarefa exclusiva dos avaliadores. É convinte que se asocien ao proceso de avaliación unha representación dos actuantes e determinados observadores que pola súa experiencia poidan ser útiles para sacar consecuencias construtivas do exercicio ou simulacro.

As persoas encargadas da avaliación deberán desempeñar, en coordinación co Responsable Técnico, as funcións seguintes:

ANTES do exercicio ou simulacro:

- ✓ Elaborar a ficha de avaliación (ver anexo), á vista do guión do exercicio ou simulacro e tendo en conta os seus obxectivos.
- ✓ Realizar o recoñecemento dos lugares nos que se vai desenvolver o exercicio ou simulacro coa finalidade de determinar os mellores lugares para a observación e seguimento do mesmo.

DURANTE o exercicio ou simulacro:

- ✓ Seguir a cronoloxía do exercicio ou simulacro para estar en condicións de avaliar a reacción dos participantes.
- ✓ Cumprimentar a ficha de avaliación e efectuar as anotacións que faciliten o traballo posterior.
- ✓ No poderán formular preguntas aos actúantes, rectificar as súas actuacións ou desenvolver calquera tipo de acción que poida interferir no proceso de execución do exercicio.

DESPOIS do exercicio ou simulacro

- ✓ Analizar a ficha de avaliación e elaborar o informe final de avaliación.

Antes da elaboración do informe final de avaliación, debe efectuarse, sempre que resulte posible, unha avaliación *"en quente"*, mediante unha reunión organizada inmediatamente despois da finalización do exercicio ou simulacro, na que, baixo a coordinación do Responsable Técnico, interveñan, ademais dos avaliadores, o persoal que participou no deseño do exercicio, os observadores e os responsables dos servizos que interviñeron no desenvolvemento do exercicio ou simulacro. Nesta reunión recollense os puntos de vista do persoal directamente involucrado e a súa percepción acerca dos fallos cometidos e as medidas que habería que poñer en xogo para a súa corrección.

Tras a reunión anterior debe existir un proceso interno de contactos entre os avaliadores e as persoas que efectuaron labores de deseño e control que conclúa cunha reunión xeral na que se debatan en profundidade todos os pormenores sobre o desenvolvemento das tarefas que foran advertidos polos avaliadores, en relación cos obxectivos pretendidos co exercicio ou simulacro.

O proceso avaliador concluirá coa elaboración polo grupo de avaliadores dun informe final, no que, como conclusión, se detallen e fundamenten as posibles melloras a introducir nos procedementos en vigor, determinados aspectos organizativos ou a formación facilitada ao persoal integrante da organización do Plan de Emerxencia que se someteu a proba.

O informe final terá, en xeral, o seguinte contido:

- ▶ Descrición do exercicio e do seu desenvolvemento.
- ▶ Descrición de proceso de avaliación.
- ▶ Aspectos positivos advertidos e nos que convén profundizar, tanto no que se refire a medios técnicos, como á preparación do persoal e a cuestións organizativas.
- ▶ Aspectos negativos sobre os que convén centrar as medidas correctoras, en relación cos recursos humanos, técnicos e organizativos.
- ▶ Proposta de plan de medidas de mellora.

BIBLIOGRAFÍA

ORGANIZACIÓN PANAMERICANA DE LA SALUD (2010). *Guía para el desarrollo de simulaciones y simulacros de emergencias y desastres*. Washington, D.C.: OPS

SINAE (2015) *Simulación de Emergencias. Guía metodológica para diseñar, implementar y evaluar ejercicios de simulación*. Montevideo

UNGRD (2016) *Guía metodológica para el desarrollo de simulaciones y simulacros*. Bogotá

ANEXO 1. MODELO PLAN DE TRABAJO PLANIFICACIÓN EJERCICIOS OU SIMULACROS



NOME DO EXERCICIO/SIMULACRO						
<i>Escriba aquí o nome co que se identificará o simulacro</i>						
RESPONSABLE TÉCNICO DO EXERCICIO/SIMULACRO						
NOME					ENTIDAD	
TELÉFONO			E-MAIL			
CARACTERÍSTICAS DO EXERCICIO/SIMULACRO (Marque cunha x)						
TIPO DE EXERCICIO/SIMULACRO			NIVEL DE INFORMACIÓN			
<input type="checkbox"/> Exercicio <input type="checkbox"/> Simulacro			<input type="checkbox"/> Avisado <input type="checkbox"/> Non avisado			
LUGAR	<i>Escriba aquí o lugar de realización do exercicio/simulacro. Se se contemplan varios lugares, escriba aquí onde quedará o Posto de Mando Avanzado</i>			DATA	<i>Escriba aquí a data de realización do exercicio/simulacro. Se son varios días, indique o inicio e fin do mesmo.</i>	
HORA INICIO	<i>Hora de inicio do exercicio/simulacro</i>	HORA FIN	<i>Hora de finalización do exercicio/simulacro</i>	DURACIÓN TOTAL ESTIMADA	<i>Duración total en horas</i>	
ASIGNACIÓN DE FUNCIONES						
ORGANIZACIÓN						
Nº	NOME	ENTIDADE	CARGO	FUNCIONES	TLFO.	E-MAIL
1	<i>Liste todas as persoas que formarán parte da planificación e organización do exercicio/simulacro</i>					
2						
3						
CONTROL						
Nº	NOME	ENTIDADE	CARGO	FUNCIONES	TLFO.	E-MAIL
1	<i>Liste todas as persoas que formarán parte do control do exercicio/simulacro</i>					
2						
3						
AVALIACIÓN						
Nº	NOME	ENTIDADE	CARGO	FUNCIONES	TLFO.	E-MAIL
1	<i>Liste todas as persoas que realizarán a avaliación do exercicio/simulacro</i>					
2						
3						
RECURSOS NECESARIOS						
Nº	DESCRIPCIÓN	CANTIDADE	RESPONSABLE			
1	<i>Liste todos os recursos necesarios para a planificación, montaxe, execución e avaliación do exercicio/simulacro. Inclúa recursos humanos, técnicos, materiais, loxísticos, etc.</i>					
2						
3						
ACTIVIDADES ESPECÍFICAS						
Nº	ACTIVIDADE	RESPONSABLE	DATA ESPERADA			
1	<i>Liste todas as actividades necesarios para a planificación, montaxe, execución e avaliación do exercicio/simulacro.</i>					
2						
3						

ANEXO 2. EXEMPLO DE CRONOGRAMA DE
ACTUACIONES

ACTUACIÓN								
Recopilación de documentación	■							
Definición de obxectivos	■							
Definición de participantes e funcións específicas		■						
Proposta oficial á corporación local, institucións		■						
Proposta aos grupos operativos		■	■					
Redacción do guion e definición dos centros de coordinación e CRM			■					
Determinación parámetros a avaliar			■					
Definición da metodoloxía e instrumentos de avaliación			■					
Identificación de necesidades				■				
Plan de comunicacións do simulacro				■				
Plan de seguridade do simulacro				■				
Difusión e publicidade sobre o exercicio					■			
Preparación de figurantes, se é o caso					■			
Verificación de preparativos					■			
Execución do simulacro						■		
Avaliación de participantes							■	

ANEXO 3. MODELO FICHA XERAL DE EXERCICIOS OU SIMULACROS

NOME DO EXERCICIO/SIMULACRO					
<i>Escriba aquí o nome co que se identificará o simulacro</i>					
OBXECTIVO XERAL					
<i>Indicar que se espera lograr coa realización do exercicio/simulacro</i>					
OBXECTIVOS					
<i>Indicar os obxectivos específicos do exercicio/simulacro.</i>					
ALCANCE					
<i>Indicar o alcance do exercicio/simulacro.</i>					
PROCESO DE PLANIFICACIÓN					
<i>Incluír unha descrición indicando como se desenvolveu o proceso de planificación</i>					
RESPONSABLE DO EXERCICIO/SIMULACRO					
NOME			ENTIDAD		
TELÉFONO		E-MAIL			
CARACTERÍSTICAS DO EXERCICIO/SIMULACRO <i>(Marque cunha x)</i>					
TIPO DE EXERCICIO/SIMULACRO			NIVEL DE INFORMACIÓN		
<input type="checkbox"/> Exercicio <input type="checkbox"/> Simulacro			<input type="checkbox"/> Avisado <input type="checkbox"/> Non avisado		
COBERTURA		ALCANCE		COMPLEXIDADE	
<input type="checkbox"/> Total <input type="checkbox"/> Parcial		<input type="checkbox"/> Específico <input type="checkbox"/> Xeral		<input type="checkbox"/> Simple <input type="checkbox"/> Complexo <input type="checkbox"/> Multiescenario	
LUGAR	<i>Escriba aquí o lugar de realización do exercicio/simulacro. Se se contemplan varios lugares, escriba aquí onde quedará o Posto de Mando Avanzado</i>			DATA	<i>Escriba aquí a data de realización do exercicio/simulacro. Se son varios días, indique o inicio e fin do mesmo.</i>
HORA INICIO	<i>Hora de inicio do exercicio/simulacro</i>	HORA FIN	<i>Hora de finalización do exercicio/simulacro</i>	DURACIÓN TOTAL ESTIMADA	<i>Duración total en horas</i>
ESCENARIO A SIMULAR <i>(Marque cunha x)</i>					
<i>Descrición do evento e contexto do escenario: breve descrición do escenario, indicando suceso iniciador, evolución do escenario, posibles efectos dominó, etc. Indicarase, así mesmo, se o escenario implica a activación dalgún plan de emerxencia.</i>					
PARTICIPANTES					
INTERVINIENTES					
FIGURANTES					
POBOACIÓN					
OBSERVADORES					
AVALIADORES					
MEDIOS COMUNICACIÓN					
RECURSOS NECESARIOS					
Nº	DESCRICIÓN	CANTIDADE	RESPONSABLE		
1	<i>Listar todos os recursos necesarios para a planificación, montaxe, execución e avaliación do exercicio/simulacro. Inclúa recursos humanos, técnicos, materiais, loxísticos, etc.</i>				
2					
3					

ANEXO 4. MODELO DE LISTADO ASIGNACIÓN DE ROLES



DISTRIBUCIÓN DE ROLES				
ROL	INSTITUCIÓN	UBICACIÓN	EFFECTIVOS	OBSERVACIONES
PARTICIPANTES	<i>Listar para cada institución, os efectivos que va a proporcionar, a ubicación de los mismos e calquera outro aspecto salientable</i>			
AVALIADORES	<i>Listar para cada institución, os efectivos que va a proporcionar, a ubicación de los mismos e calquera outro aspecto salientable</i>			
FIGURANTES	<i>Listar para cada institución, os efectivos que va a proporcionar, a ubicación de los mismos e calquera outro aspecto salientable</i>			
OBSERVADORES	<i>Listar para cada institución, os efectivos que va a proporcionar, a ubicación de los mismos e calquera outro aspecto salientable</i>			

ANEXO 5. MODELO DE FICHA DE LISTADO DE
EVENTOS PARA DESENVOLVEMENTO DE EXERCIZOS
OU SIMULACROS

LISTADO DE EVENTOS					
NOME DO EXERCICIO/SIMULACRO					
NOME		ENTIDAD			
DATA E HORA INICIO		DATA E HORA FIN		MENSAXE EMERXENCIA REAL	
HORA	EVENTO	ACCIÓN A TOMAR	DURACIÓN	RESPONSABLE/ES	OBSERVACIONES

O listado de eventos constitúe o guión do simulacro e serve á Organización para levar o control do desenvolvemento

ANEXO 6. MODELO FICHA DE AVALIACIÓN DE EXERCICIOS OU SIMULACROS

AVALIACIÓN DO DESEÑO DO EXERCICIO/SIMULACRO							
Denominación do exercicio ou simulacro						<input type="checkbox"/> exercicio	<input type="checkbox"/> simulacro
Responsable avaliación							
Lugar		Data		Hora inicio		Hora finalización	

Obxectivos do exercicio a avaliar	Actividades a avaliar	Tempo		Observacións
		Comezo	Final	

ANEXO 7. MODELOS LISTADOS DE COMPROBACIÓN PARA AVALIACIÓN DE EXERCICIOS OU SIMULACROS

A continuación se presentan distintos modelos de fichas de avaliación, que deberán ser adaptadas ao exercizo ou simulacro a desenvolver.

AVALIACIÓN DO DESEÑO DO EXERCICIO/SIMULACRO			
DESCRICIÓN	VALORACIÓN		
	BOA	REGULAR	MAL
Definíronse claramente os obxectivos do exercicio/simulacro?			
Definíronse claramente os organismos e organizacións necesarias?			
Participaron no deseño os organismos e organizacións necesarios?			
Identificáronse os recursos de organismos e departamentos necesarios?			
Estaban dispoñibles os recursos dos organismos e departamentos necesarios?			
Incluíuse un plan de seguridade no deseño do exercicio/simulacro?			
Incluíuse á poboación no deseño do exercicio/simulacro?			
Incluíronse os recursos dos medios locais no deseño do exercicio/simulacro?			
Era o lugar do exercicio/simulacro axeitado para os eventos simulados?			
Era a complexidade do exercicio/simulacro adecuada para os eventos posibles?			
Foi adecuada a duración?			
Estaban dispoñibles os equipos de protección adecuados?			

AVALIACIÓN DA INFORMACIÓN E DA CADEA DE CHAMADAS			
DESCRICIÓN	VALORACIÓN		
	BOA	REGULAR	MAL
Documentouse correctamente a chamada e a información recibida?			
Foron completas e precisas as mensaxes e a información?			
Activouse o sistema de alerta empregando o procedemento establecido?			
A poboación foi informada?			
Soaron as alarmas/sirenas a tempo?			

AVALIACIÓN DA SEGURIDADE			
DESCRICIÓN	VALORACIÓN		
	BOA	REGULAR	MAL
O persoal analizou o lugar para determinar os perigos?			
Elaborouse un Plan de Seguridade?			
Asegurouse o lugar do escenario e as súas inmediacións?			
Tiña o persoal o equipo de seguridade axeitado ao escenario?			
Empregou o persoal o equipo de seguridade de forma axeitada?			

COORDINACIÓN ENTRE ORGANISMOS			
DESCRICIÓN	VALORACIÓN		
	BOA	REGULAR	MAL
As diferentes entidades/organismos identificáronse correctamente?			
Todos os organismos relevantes tiñan representación no Posto de Mando Avanzado/CECOP/CECOPAL....?			
Estableceuse un mando único?			
As decisións operativas involucraron os intereses de todos os organismos?			
Identificáronse claramente as áreas de prioridade?			

GABINETE DE INFORMACION			
DESCRICIÓN	VALORACIÓN		
	BOA	REGULAR	MAL
Identificouse o responsable do gabinete información?			
Asígnouse na zona de intervención un portavoz para os medios?			
Xestionáronse as fake news? Empregouse un plan de control de rumores?			
Empregouse un plan de manexo de información?			
Organizáronse reunións informativas para os medios?			
Seleccionáronse os medios de xeito apropiado?			
Proporcionáronse actualizacións precisas e frecuentes aos medios?			
Proporcionouse información precisa por twitter, web...?			

POSTO DE MANDO AVANZADO			
DESCRICIÓN	VALORACIÓN		
	BOA	REGULAR	MAL
Activouse sen retraso o PMA?			
Identificouse claramente ao coordinador do PMA?			
Estableceuse comunicación desde o PMA con tódolos grupos operativos?			
Se asignou o persoal requirido para o PMA?			
Obtivéronse os recursos solicitados?			
Proporcionáronse actualización regulares, precisas e frecuentes?			
Utilizáronse procedementos para documentar as accións dos organismos?			
Houbo reportes continuos de tódolos organismos?			
Documentouse en GEMMA?			
Realizáronse reunións informativas entre as organizacións?			
Mantívose reportes continuos co SACOP e co CECOP?			
Se implementou un sistema de xestión operativa, GOM, ICS?			

CECOP/CECOPAL/SACOP			
DESCRICIÓN	VALORACIÓN		
	BOA	REGULAR	MAL
Activouse o CECOP sen atrasos?			
Estableceuse comunicación con PMA e SACOP?			
Asígnouse o persoal requirido nos postos de operación do CECOP/SACOP?			
Usouse un procedemento de coordinación?			
Tomou o CECOP as decisións necesarias?			
Obtívose os recursos solicitados?			
Proporcionáronse as actualizacións regulares, precisas e frecuentes?			
Usáronse os procedementos para documentar as accións dos organismos?			
Estableceuse unha unidade de administración e operacións?			
Houbo achegas continuos de todos os organismos?			
Documentouse o evento?			
Realizáronse reunións informativas de organización?			
Mantívose un rexistro cronolóxico dos eventos?			

AVALACIÓN DAS COMUNICACIONES (CETRA, no seu caso)			
DESCRICIÓN	VALORACIÓN		
	BOA	REGULAR	MAL
Podíanse comunicar verbalmente os diferentes organismos?			
Podíanse comunicar por escrito?			
Podíanse comunicar por teléfono os diferentes organismos?			
Tiñan comunicación de datos os distintos organismos?			
Tiñan os organismos os equipos de telecomunicacións necesario?			
Entregáronse equipos aos organismos que o necesitaban?			
Recibiron os organismos adestramento cos equipos?			
Usaron terminoloxía estándar?			
Graváronse con precisión as mensaxes enviadas?			
Documentáronse apropiadamente as mensaxes de comunicación?			
Distribuíronse efectivamente as mensaxes?			
Tingan as persoas/entidades participantes varios equipos de telecomunicación necesarios?			
Funcionaron os medios e canles de comunicación establecidos?			
Distribuíronse efectivamente as mensaxes?			

GRUPOS OPERATIVOS. XERAL			
DESCRICIÓN	VALORACIÓN		
	BOA	REGULAR	MAL
Chegaron sen retraso o persoal e as unidades?			
Identificouse con claridade o responsable do Grupo?			
Identificábase claramente a liña de mando?			
Estableceuse un mando unificado?			
Desempeñáronse os roles e responsabilidades establecidas no plan utilizado?			
¿Seguíronse os procedementos apropiados?			
<i>A maiores, engadir todas aquelas preguntas específicas que se consideren necesarias para avaliar a actuación de cada un dos grupos operativos participantes no simulacro.</i>			

A continuación faise una proposta de posibles ítem de valoración para cada grupo

INTERVENCIÓN			
DESCRICIÓN	VALORACIÓN		
	BOA	REGULAR	MAL
O Xefe do grupo se identificou aos demais servizos?			
Desenvolveuse un plan de operacións cos demais servizos?			
Avaliouse a zona para determinar perigos?			
Seguíronse os procedementos apropiados para controlar os riscos?			
Analizouse a escena para determinar as prioridades?			
Asegurouse a zona, os arredores?			
Solicitáronse recursos adicionais?			
Se se pediron, chegaron sen retraso?			
Tiña o persoal os EPIs axeitados?			
Usou o persoal os equipos de seguridade de xeito apropiado?			
<i>A maiores, engadir todas aquelas preguntas específicas que se consideren necesarias para avaliar a actuación de cada un dos grupos operativos participantes no simulacro.</i>			
LOXÍSITICO E SEGURIDADE			
DESCRICIÓN	VALORACIÓN		
	BOA	REGULAR	MAL
Tiña o persoal os EPIs axeitados?			
Había unha liña de mando?			
Controláronse os accesos en tempo e forma?			
Controláronse os confinamentos e se informou ao PMA?			
Estableceuse un control no CRM e no PMA?			
Había os procedementos axeitados de control no CRM?			
Fixéronse os relevos de xeito que se garantiran os descansos?			
Se estableceu avituallamento ao persoal intervinde de xeito correcto?			
SANITARIO			
DESCRICIÓN	VALORACIÓN		
	BOA	REGULAR	MAL
Déuselle tratamento básico axeitado aos feridos?			
Establecéronse comunicacións co hospital se fóra o caso?			
Seguíronse os procedementos establecidos para o escenario simulado?			

ANEXO 8. MODELO PLAN BÁSICO DE SEGURIDADE

PLAN DE SEGURIDADE

NOME	
INSTITUCIÓN	
LUGAR	
DATA E HORA DE INICIO	
DATA E HORA DE FINALIZACIÓN	
RESPONSABLE TÉCNICO	

ALARMA DE EMERXENCIA XERAL

*Exemplo: CHAMADA AO CIAE 112 IDENTIFICÁNDOSE E TRANSMITINDO A SEGUINTE MENSAXE:
ATENCIÓN, EMERXENCIA REAL. ATENCIÓN, EMERXENCIA REAL. (descrición da situación).*

ANALISE BÁSICO DE RISCOS E ACCIÓNS DE CONTROL

Nº	RISCO	CONTROL	RESPONSABLE
1	<i>Agregar todos os riscos que se considere poden ocorrer durante a realización do simulacro (sanitarios, accidentes de tráfico, caídas dos participantes, etc.)</i>		
2			
3			

RECURSOS ASIGNADOS PARA ATENCIÓN EN CASO DE EMERXENCIA REAL

Indicar como se vai a actuar en caso de emerxencia real, como se xestionará a emerxencia e como se procederá para asignar os recursos humanos e materiais. Indicar, así mesmo, en que casos procede a suspensión do simulacro.

ANEXO 9. MODELO INFORME FINAL DO
EXERCICIO OU SIMULACRO



NOME DO EXERCICIO/SIMULACRO			
OBXECTIVO XERAL			
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS			
ALCANCE			
PROCESO DE PLANIFICACIÓN			
<i>Incluír unha descrición indicando como se desenvolveu o proceso de planificación</i>			
PRINCIPAIS LOGROS ALCANZADOS			
Nº	ACTIVIDADE	PRODUTO	
1			
2			
ENTIDADES PARTICIPANTES			
Nº	ENTIDADE	GRUPO	LOCALIZACIÓN
1			
2			
3			
ENTIDADES PARTICIPANTES COMO OBSERVADORES			
Nº	ENTIDADE	LOCALIZACIÓN	
1			
2			
3			
ENTIDADES PARTICIPANTES COMO AVALIADORES			
Nº	ENTIDADE	LOCALIZACIÓN	
1			
2			
3			
AVALIACIÓN SUBXECTIVA DO EXERCICIO/SIMULACRO			
DEBILIDADES		OPORTUNIDADES	
FORTALEZAS		AMEAZAS	
REXISTRO FOTOGRÁFICO			